



2025/SUBCC/000009

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Ordinaria que tivo lugar o día 11.09.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

G.- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS TAXI ADAPTADOS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA (EUROTAXIS) OU A ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS TAXI EXISTENTES NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. 2025/SUBCC/000009.

I. Antecedentes de feito

1. Por providencia do Concelleiro da Área de Mellora Urbana do 10.07.2025 dispúxose o inicio do expediente para a aprobación dunha convocatoria de subvencións para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida, ou a adaptación dos existentes.

2. Polo Gabinete da Alcaldía redactouse o proxecto da "Convocatoria de subvencións para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxis) ou a adaptación de vehículos taxi existentes no Concello de Pontevedra", recolléndose nesta os criterios determinados pola Concellaría responsable. Incorporouse ao expediente informe do servizo xestor e, consonte co artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 e base 50 das de execución do orzamento, memoria económica relativa ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3. En data do 28.08.2025 o Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade (OXOC) acreditou a existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 10/4412/77200, procedendo á contabilización da operación contable 12025000046499 por importe de 60.000,00 €. Asemade o OXOC formulou a seguinte observación: a existencia de crédito é incompatible tanto co período establecido para "as adquisicións e/ou adaptacións de vehículos" fixado dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de decembro de 2025 como co período de xustificación 31/03/2026, polo que de non chegar á fase de obriga recoñecida neste exercicio terá dotarse este crédito no vindeiro exercicio, ao tratarse dun crédito non incorporable.

4. A Intervención Xeral Municipal fiscalizou o expediente de conformidade o 03/09/2025, indicando que procede continuar a súa tramitación. Este órgano formulou a seguinte observación que ten a consideración de irregularidade leve de acordo co previsto na base 81.3 de execución orzamentaria: "En canto ao réxime de pagamentos a data límite para a rendición da conta xustificativa sitúase nun exercicio diferente ao da imputación orzamentaria do total do crédito, o que xera distorsións en relación ao disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) que impón serias limitacións á xestión do gasto de tódalas Administracións públicas. Principalmente pola aplicación conxunta dos principios de estabilidade orzamentaria regulado no artigo 11 e da regra de gasto regulada no artigo 12, que supón unha importante limitación ao incremento das partidas de gasto entre un exercicio orzamentario e o seguinte."

II. Fundamentos de dereito:

1. O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia determina que as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.

Pola súa banda, segundo o artigo 3 da Ordenanza xeral municipal reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra (OXS) aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 (BOP nº 190 do 30 de setembro), son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento





de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

2. Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo, exercendo en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as materias de mobilidade e transporte colectivo urbano.

Nesta materia débese de ter en conta o disposto no artigo 49 da Constitución Española de 1978, que lle encomenda aos poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, ás que lles prestarán a atención específica que requiran e ás que ampararán especialmente, para o desfrute dos dereitos que a Constitución lle outorga a toda a cidadanía. Tamén a Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2º, atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Comunicación do 03.03.2021 da Comisión Europea ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións “Unha Unión da igualdade: estratexia europea sobre os dereitos das persoas con discapacidade para 2021-2030”, recoñeceu a dificultade das persoas deste colectivo para utilizar os medios de transporte, significando que o transporte é unha das ferramentas para exercer os dereitos e un requisito para a plena participación das persoas con diversidade funcional e cognitiva en igualdade de condicións cos demais. Asemade, esta estratexia inclúe entre os dereitos dos pasaxeiros o dereito á non discriminación no acceso ao transporte e a recibir asistencia gratuíta para os pasaxeiros con mobilidade reducida que viaxen en calquera medio de transporte.

Nesta senda, entre os principios xerais recollidos na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia están os de universalidade e accesibilidade dos servizos de taxi, dispoñendo esta norma a obriga dos municipios de establecer as disposicións oportunas para que se garanta a existencia de vehículos de taxi adaptados para transportar persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas, debendo estas entidades locais de garantir a porcentaxe mínima de vehículos adaptados que estableza a lexislación sectorial específica. O Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade establece, no artigo 8, que en todos os municipios, os concellos promoveran que polo menos un cinco por cento, ou fracción, das licenzas de taxi correspondan a vehículos adaptados.

En cumprimento da normativa exposta, o artigo 3 da Ordenanza reguladora do servizo de taxi do Concello de Pontevedra declara expresamente a competencia e interese municipal da prestación do servizo de taxi, dispoñendo que, como servizos regulados para o público e tendo en conta que a mobilidade é un dereito, o Concello poderá desenvolver todas aquelas medidas de fomento que estime xustificadas, incluídas as subvencións, para mellorar a accesibilidade e facer efectivo o amentado dereito a todos os colectivos e persoas, en condicións de igualdade e proporcionalidade. Establece tamén o artigo 20 desta ordenanza que o número de taxis adaptados debe ser suficiente para atender as necesidades existentes en función da poboación e as circunstancias socioeconómicas da zona, garantindo en todo caso o cumprimento do Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro.

Xa que logo, a finalidade da convocatoria pública das subvencións reguladas nas bases obxecto do expediente é a de dar cumprimento ao mandato legal previsto na normativa de accesibilidade na utilización do transporte público, mediante o fomento da implantación progresiva de taxis adaptados no Concello de





Pontevedra, estando acreditada tanto a competencia municipal como o interese e finalidade pública no establecemento da subvención.

3. Segundo establece o artigo 22.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, procedemento mediante o que a concesión das subvencións realizarase a través da comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas bases reguladoras e na convocatoria. As bases reguladoras para o outorgamento das subvencións previstas recollen o contido mínimo esixido no artigo 17.3 da LXS e no artigo 9 da OXS do Concello, regulando o procedemento para a concesión de axudas recollido nos artigos 12 e seguintes da Ordenanza municipal de aplicación.

4. En relación co contido das bases, estas recollen as determinacións indicadas pola Concellaría competente, destacando os puntos que se indican de seguido:

a) Consonte coas especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente, a porcentaxe subvencionable poderá exceder do 50% do custe da actuación.

As razóns aducidas para xustificar esta excepcionalidade veñen establecidas deste xeito na providencia da concellaría responsable: "A subvención a outorgar ten por finalidade dar cumprimento ás obrigas en materia de accesibilidade no transporte público que a normativa impón aos concellos. Consonte coa súa finalidade e obxecto, concorren no presente caso especiais razóns de interese público e social, polo que a porcentaxe da axuda a outorgar poderá exceder do 50% do custe da actividade, estando xustificada a excepcionalidade requirida no artigo 5.g da Ordenanza municipal de aplicación, ao acreditarse a súa finalidade para garantir a accesibilidade de persoas de mobilidade reducida ao transporte público de persoas en vehículo turismo e taxi."

Asemade, a convocatoria establece na súa parte dispositiva o seguinte: "Do mesmo xeito, o cumprimento do principio de accesibilidade universal nos medios de transporte e o mandato legal establecido nas normas citadas xustifican que a porcentaxe subvencionable exceda do 50% do custe da actuación, de conformidade co establecido no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello."

A estes efectos, considérase motivada a xustificación da excepcionalidade na porcentaxe subvencionable establecida na convocatoria, debendo esta cuestión se aprobada polo órgano competente no momento da aprobación da convocatoria.

b) O procedemento para o outorgamento das subvencións é o de concorrencia competitiva, regulándose nas bases os criterios obxectivos para a comparación e prelación das solicitudes presentadas. Esta convocatoria subvencionará como máximo a seis taxis, dándosele preferencia na prelación a aqueles vehículos que xa estean adaptados no momento de presentar a solicitude; os seguintes criterios son os de antigüidade do vehículo adscrito á licenza de taxi da persoa solicitante e a antigüidade na profesión; en caso de igualdade estarase á data da presentación da solicitude, e se esa persiste desempatarase mediante sorteo.

c) Segundo o disposto na providencia da concellaría responsable, o período subvencionable abrangue dende o 01.01.2024 ata o 31.12.2025, polo que poderían resultar subvencionadas actuacións que xa estivesen realizadas no momento da concesión. A este respecto, de acordo co disposto no artigo 2.1b) da LXS e no artigo 3b) da OXS, as subvencións defínense como as disposicións dinerarias suxeitas á realización dunha actividade ou adopción dun comportamento singular xa realizados ou por desenvolver, polo que a normativa reguladora das subvencións públicas permite esta posibilidade.

d) O réxime de xustificación das subvencións é o ordinario de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto.

5. Aos efectos de dar cumprimento ao artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 abril, de estabilidade





orxamentaria e sostibilidade financeira e de conformidade co previsto na Base 50 das de execución do orxamento, únese ao expediente o informe de sostibilidade financeira da actuación prevista.

6. Consonte o establecido nos artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, do 5 de marzo, deberá emitir informe a Intervención Xeral Municipal.

7. Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a aprobación desta convocatoria e para a resolución do procedemento corresponde á Xunta de Goberno Local, ao exceder o seu importe de 12.020,24 €, correspondendo tamén a este órgano a autorización do gasto nas materias da súa competencia, segundo establece o artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Á vista da fundamentación xurídica exposta, ao abeiro dos informes emitidos pola xefa do Gabinete da Alcaldía, polo OXOC e pola Intervención Xeral incorporados ao expediente e que lle serven de fundamento, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobado a convocatoria pública para a concesión de subvencións, polo procedemento de concorrencia competitiva, destinadas á adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (Eurotaxi) ou á adaptación de vehículos taxi existentes no Concello de Pontevedra, segundo o documento que consta no expediente co CSV 3HVE63O9IHS9A5S9.

Debido ás especiais razóns de interese público e social que concorren na presente axuda xustificadas no expediente, a porcentaxe subvencionable poderá exceder do 50% do custe da actuación.

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe de 60.000,00 € con cargo á aplicación orxamentaria e operación contable do exercicio vixente que se sinala:

Aplicación	Operación	Importe
10/4412/77200	12025000046499	60.000 €
Total		60,000.00 €

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

